Igrexa de San Mamede de Ferreiros

Lugar: A Igrexa | **Parroquia:** San Mamede de Ferreiros | **Coordenadas:** 42º54'39.4"N 008º14'51.2"W.

Accesos: Pola N-547 dirección Arzúa cóllese un desvío á dereita que leva a San Mamede de Ferreiros onde se sitúa a igrexa. Acceso por pista asfaltada.
Clasificación: Igrexa parroquial
Época: S. XIX
Contorna: Rural
Uso: Relixioso
Material orixinal: Pedra
Grao de protección: Catálogo Normas Subsidiarias Provinciais
Valoración do recurso: Atractivo local
Grao de utilización: Uso relixioso semanal por parte dos veciños do concello.
Sinalización: Si

Material Estado de conservación
Xeral: BO
Fábrica: Pedra BO
Carpintería: NON PROCEDE
Revocos: BO
Aleiros: BO
Cerraxería: BO
Cuberta: BO
Outros: NON PROCEDE
Estrutura: BO
Interior: BO



Construción decimonónica habitual. Recentemente restaurada, despoxándoa do seu necesario e adecuado recebado de cal, para deixar unha infame cachotaría vista. Nave central con dous corpos acaroados e revocada tanto exterior como interiormente. Planta de cruz latina dunha soa nave. Muros de cachotería vista coa excepción da fachada, recebada e pintada; no remate do corpo sitúase a espadana dobre.